



Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños

Encrucillada do Tempo

O proxecto para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños é unha iniciativa que apoian preto dunha vintena de colectivos socioculturais e veciñais de Pontevedra, Marín e Vilaboa, máis un grupo de arqueólogos que avalan a súa posta en marcha. Trátase dunha proposta que pretende pór en valor o importante e valioso patrimonio natural e arqueolóxico situado na zona de Monte Pornado e Sete Camiños, no que destacan mámoas, gravados rupestres, formacións xeolóxicas significativas e miradoiros, entre outros elementos.

O autor do proxecto é o arqueólogo Lukas Santiago, que encabeza unha comisión técnica encargada de impulsar accións para o seu desenvolvemento. O Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños pretende nacer, precisamente, como “un cruce de camiños, de vontades, sensibilidades e aprezo polo monte e polo patrimonio herdado dos nosos ancestrs”. Nun espazo de extensión reducida situado nas parroquias de Salcedo e Lourizán, en Pontevedra, e na parroquia de San Xulián, en Marín, atópanse concentrados unha serie de elementos patrimoniais de gran relevancia histórica, cultural e natural.

Superando cuestións localistas a respecto dos enfoques encol do monte comunal, o obxectivo desta iniciativa é dar os pasos necesarios para legarlle ás xeracións vindeiras uns bens patrimoniais de valor considerable, recuperados e ben conservados. Cómpre, pois, evitar máis agresións a esta área que nos últimos anos xa padeceu o paso da liña de alta tensión Lourizán-Cangas e a construción da variante de Marín.

A recente desaparición da mámoa de Louredo, situada en terreos da Brilat, a causa das obras para a recreación dunha aldea afgá, xunto cos proxectos do Concello de Marín e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para instalación no Monte Pornado -tamén coñecido como Pituco- dun polígono industrial ou dunha plataforma loxística, “fan máis que nunca necesario o impulso a este Espazo Natural e Arqueolóxico, porque só a súa posta en marcha pode garantir a protección e a conservación dos elementos patrimoniais existentes”.

ESTUDAR, CONSERVAR E DIFUNDIR

Por tanto, resulta prioritario proceder a protexer esta área de posibles danos e revalorizar os seus recursos para garantir a súa conservación. Actualmente os xacementos atópanse nunha situación de abandono e descoñecemento por parte da cidadanía. Este proxecto aspira a recuperalos para converter o contorno nun lugar de esparcemento para os concellos de Pontevedra, Marín e Vilaboa.

Fronte á infrautilización do monte e á explotación deficiente dos seus recursos, a proposta para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños aposta por plantexar “novas estratexias na xestión dos nosos montes, que pasen pola sustentabilidade, cunha explotación racional baseada nos recursos propios”. Os numerosos xacementos existentes poden desempeñar un “papel protagonista” nesta nova dinámica que contribuiría notablemente a “enriquecer, fortalecer e diversificar a oferta cultural e turística da bisbarra”.

A comisión técnica que promove o proxecto insiste, pois, en “reivindicar a importancia deste patrimonio histórico, natural e paisaxístico, e esixir de forma inmediata a recuperación ambiental e patrimonial da zona”. Partindo dunha inversión inicial asequible, os resultados das accións propostas redundarán en xerar beneficio económico, social e cultural para a comunidade local, converténdose no seu “referente identitario”.



O Monte Pornado e Sete Camiños forman “un espazo privilexiado de singular relevancia natural e patrimonial”. Pertence á Serra de Domaio e, á súa vez, aos Montes do Morrazo, que figuran como “espazo protexido” polas Normas Subsidiarias e Complementarias Provinciais de Planeamento, e foron catalogados como “espazo natural” polas Directrices de Ordeación do Territorio.

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO E NATURAL

▣ O patrimonio arqueolóxico e natural incluído no proxecto consta dos seguintes elementos:

- Cinco mámoas (túmulos funerarios da época megalítica):
 - Chan da Lagoa número 1, que se atopa pendente de localización.
 - Chan da Lagoa número 2, que tamén está por situar.
 - Mámoa de Catadoiro
 - Posible existencia de dúas mámoas máis que non están catalogadas.Todas elas forman parte do campo de mámoas de Domaio, entre as que sobresaen as de Chan da Arquíña (Moaña) e Chan de Armada (Marín).
- Seis conxuntos de petroglifos (declarados Bens de Interese Cultural e dotados da máxima protección):
 - Conxunto de gravados rupestres de Pornado
 - Petroglifo de Sete Camiños
 - Conxunto de gravados rupestres de Piñeiral de Caeiro
 - Conxunto de gravados rupestres de Regato dos Buracos-Outeiral da Mina
 - Petroglifo de Cachada do Vello
 - Petroglifo de Pumariño
- Un abrigo rochoso no Monte Catadoiro, da era paleolítica.
- Dúas formacións xeolóxicas de interese:
 - Miradoiro natural de Pornado, un dos mellores da ría de Pontevedra e do Morrazo.
 - Miradoiro natural do Monte Catadoiro
- A área recreativa de Pornado (punto de partida dos visitantes do roteiro).
- Dous grupos de petroglifos realizados por Pepito Meijón (un persoeiro singular de Marín que, no século pasado, fixo numerosos gravados en pedra).

▣ A estes elementos súmanse tamén outros achados ubicados entre Sete Camiños e a Lagoa de Castiñeiras:

- Complexo rupestre da Carrasca e Complexo rupestre de Champás: destes dous partiría un ramal para conectar a ruta circular de Sete Camiños coa Lagoa de Castiñeiras, pasando por estes dous xacementos.
- Mámoa de Cavada do Pito: outro ramal para conectar Sete Camiños e a Lagoa de Castiñeiras para que a conexión entre os dous espazos sexa dobre e non haxa que voltar polo mesmo itinerario.

▣ Outro aspecto relevante ten que ver cos elementos situados no recinto da Brilat:

- O petroglifo do Campo de Tiro e o Complexo rupestre de Outeiro dos Apañados, dos que non hai nin fotos nin debuxos nas fichas do catálogo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Mámoa de Louredo, destruída: un feito moi grave por parte do Ministerio de Defensa, posto que se trataba dun xacemento arqueolóxico catalogado.



POSTA EN VALOR DO ESPAZO

1ª fase: Desenvolvemento do proxecto de posta en valor. Orzamento. Captación de apoios. Busca de financiación.

2ª fase: Ordeación e reforestación do monte. Limpeza e acondicionamento dos elementos de interese (actuacións brandas). Posta en valor dos xacementos. Acondicionamento dos miradoiros. Acondicionamento e sinalización do sendeiro arqueolóxico (circuito circular con inicio na área recreativa de Pornedo e no Campo de fútbol do Casal, ideal para facer a pé ou en bicicleta). Acondicionamento e sinalización dos dous sendeiros de conexión coa Lagoa de Castiñeiras. Difusión. Creación dunha carballeira no Pornedo.

3ª fase: Excavación arqueolóxica das mámoas pendentes de localización e recuperación das mesmas.

4ª fase: Creación dun centro de interpretación.

ARQUEÓLOGOS QUE APOIAN O PROXECTO

Álvaro Arizaga Castro – Xurxo Ayán Vila – Noemí Calvo Valcárcel – Manuel Antonio Franco – Leonardo González Pérez – Diego Piay Augusto – Otilia Prado Fernández

ENTIDADES QUE APOIAN O PROXECTO

Comunidade de Montes de Lourizán – Comunidade de Montes de Salcedo – Comunidade de Montes de Vilaboa – Asociación de Veciños Estriceres (Lourizán) – Asociación de Veciños San Andrés (Estribela) – Asociación de Veciños Heroes do Campo da Porta (Salcedo) – Asociación de Veciños de San Xulián – Asociación de Veciños de Postemirón/A Graña (Vilaboa) – Plataforma en Defensa da Praza dos Praceres – Plataforma Defende o Monte Pituco/Pornedo – Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra – Asociación Vaipolorío – Asociación Cultural Almuinha – Asociación Cultural A Pedra Floxam – Asociación Cultural Ronsel – Asociación Cultural Os Chichisos – Grupo de Estudos Etnográficos Serpe Bichoca

ACCIÓNS A NIVEL ADMINISTRATIVO

A comisión técnica promotora desta iniciativa vén de iniciar a tramitación de solicitudes de entrevista cos seguintes organismos públicos:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- Consellería de Cultura e Turismo
- Consellería de Medio Rural
- Deputación Provincial de Pontevedra
- Concello de Pontevedra
- Concello de Marín
- Concello de Vilaboa
- Mancomunidade de Montes de Pontevedra
- Mancomunidade de Montes do Morrazo

ACCIÓNS A NIVEL DIVULGATIVO

- Creación da páxina web www.espazosetecaminhos.tk
- Creación dun perfil na rede social Facebook

COMISIÓN TÉCNICA:

Paz Castro – Rafael Quintía – Lukas Santiago – David Suárez

MÁIS INFORMACIÓN:

espazosetecaminhos@gmail.com | www.espazosetecaminhos.tk



